

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de interpretación
DISCIPLINA	Interpretación no audiovisual II
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual
CURSO	Cuarto
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	María Crespo
DOCENTES	Nome e apelidos: María Crespo Méndez Despacho: Contacto: mariafrancelina@edu.xunta.gal TITORÍAS: Luns 15:30 a 16:30 / 18:30 a 20h. / Mércores 15:00 a 16:30
	Nome e apelidos: Horario titorías: Despacho: Contacto:
DESCRICIÓN	Aplicación e integración dos recursos técnicos na construción da personaxe e a súa integración nun proxecto audiovisual.
CONECAMENTOS PREVIOS	Convén ter cursada a disciplina Interpretación no audiovisual I
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á auto formación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás

	artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EI1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
EI3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Capacitar ao alumno na aprendizaxe das técnicas audiovisuais	T1, T2, T3, T6, X3, X6, EI1, EI2
2. Afianzar as competencias adquiridas na disciplina Interpretación no audiovisual I.	T3, T6, X5, X6, EI1, EI2, EI3
3. Afondar no proceso creativo da interpretación ante a cámara.	T1, T2, T3, T6, X5, EI1, EI2
4. Desenvolver os recursos e ferramentas individuais no proceso artístico cara o traballo no audiovisual.	T1, T2, T3, T6, X5, EI1, EI2, EI3, EI5
5. Desenvolver o sentido ético do actor e auto disciplina no traballo actoral.	T6, T7, T8, X3

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Prácticas de interpretación	1.1. A soidade en público. Verosimilitude e verdade.	3h
	A concentración como base do traballo.	3h
	1.2. A escoita activa: estímulos exteriores e interiores.	3h
	Acción –reacción. A relaxación.	3h
	1.3. As posibilidades fronte a cámara:	3h
	Os planos.	6h
	O movemento. A improvisación.	3h
	A coreografía na escena.	4h
	1.4. O <i>casting</i> : Situacións, preparación, adestramento, habituación.	17h
TOTAL SESIÓNS 15		45h/15 Sesións

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	4		4
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	4		4
Práctica individual	20	25	45
Práctica colectiva	10	10	20
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias	2	10	12

Outros			
Titorías individuais	2		2
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas	3		3
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras			
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	45	45	90
PORCENTAXE	50%	50%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Resolución de exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Presentacións/exposicións.	Exposición por parte do alumnado sobre algún dos contidos da materia. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Debates	Charla aberta que pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema.
Traballos de aula	O estudante desenvolve prácticas específicas na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Estudos/actividades previos	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula de forma autónoma por parte do alumnado.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da materia e adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Titoría en grupo	Entrevistas que os alumnos manteñen co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.

Orientación	Orientación respecto ás dubidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.
-------------	---

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
<p><i>O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.</i></p>		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	Descrición	
Seguimento diario	T1, T2, T3, T6, G3, G5, EI3, EI5	20%
Execución de traballos/encargas	T3, T6, T7, G6, G8, EI1, EI2	50%
Gravación de escenas presenciais e non presenciais	T3, T6, T7, G6, G8, EI1, EI2, EI3	30%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	Descrición	
<p>Realización o posta en escena dun traballo (teórico ou práctico, segundo o tema) sobre cada un dos temas traballados durante o curso, cunha duración mínima de 4 minutos cada un, no caso práctico, e cunha extensión mínima de 6 folios, no caso teórico. A continuación detállase que temas deben ser avaliados de forma práctica, e cales de forma teórica:</p> <p><u>-TRABALLO TEÓRICO:</u> Tema 1, subtemas 1.3.</p> <p>O traballo debe respectar as normas básicas de presentación académica. Todo traballo sen unha correcta citación será considerado plaxio e no será avaliado.</p> <p><u>-TRABALLOS PRÁCTICOS:</u> Deberá realizar unha escena por cada tema, na que poña de manifesto a temática concreta. Tema 1, subtemas 1.1., 1.2.</p> <p>ESTAS ESCENAS PODERÁN SER GRAVADAS O DÍA DO EXAME, GRAVARANSE CUN MÍNIMO DE 3 TOMAS E 2 PLANOS, OU BEN O ALUMNADO PRESENTARÁ ESTAS ESCENAS XA GRAVADAS E EDITADAS. O ALUMNADO ACOMPAÑARÁ AS GRAVACIÓNS CUNHA MEMORIA ONDE EXPLIQUE COMO FOI O SEU PROCESO DE TRABALLO NA INTERPRETACIÓN DOS PERSONAXES.</p> <p>A ESCOLLA DAS ESCENAS É LIBRE PERO DEBEN SER APROBADAS POLOS DOCENTES.</p>	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X3, X5, X6, X8, EI1, EI2, EI3, EI5	<p>10%</p> <p>50%</p>

<p>Exercicio de casting. O alumnado recibirá un texto unha semana antes do exame, e enfrontarase a un ficticio proceso de casting, para o cal precisará aprender o texto de memoria e traballalo cas ferramentas axeitadas.</p>	T1,T2,T3,T6, E11, E12, E13,E15	40%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ante unha perda de avaliación continua xustificada, respectarase o traballo que o alumnado tivese superado ata a data da dita perda de avaliación, xa que a materia so conta con 15 sesións e con 2 faltas xa se perde a avaliación continua. O exame ante tal situación acordarase con antelación entre docente e alumnado.		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	Descrición	
As mesmas que na extraordinaria	As mesmas que na extraordinaria	As mesmas que na extraordinaria

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

Caine, Michael. (2003). *Actuando para el cine*. Madrid: Plot Ediciones.
 Guskin, Harold. (2012). *Como dejar de actuar*. Barcelona: Alba Editorial.

Referencias complementarias

Asland ,O. (1979). *El actor en el siglo XX. Evolución de la técnica. Problema ético*. Barcelona: Gustavo Gili.
 Richardson, Don. (2004). *Interpretar sin dolor*. Madrid: Asociación Directores de escena.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

Para superar a materia o alumnado terán que ter aprobados todos os traballos de aula/escenas/gravacións. O alumnado que perderan a avaliación continua, e teña superada parte da materia antes desa perda, poderá examinarse daquelas partes que teña pendentes, e non da totalidade do curso, sempre e cando mostren interese pola materia e non a abandone por completo. Os exercicios específicos obxectos do exame serán comunicados polo/a docente con antelación, sempre que o alumnado se comunique con tempo.

Nota: Os traballos teóricos terán unha presentación APA, tal e como recolle o manual de calidade da ESAD.

Sección 7. Planificación da ensinanza. IP701.14 Normas presentación traballos e TFE

<https://esadgalicia.com/calidade/>